

# Xoves 21 de abril de 2022 - VI Xornadas Tiburcio Angosto de Psicopatoloxía e Cultura

Salón de actos do Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA). Rúa Dr. Ulises Romero nº 1. 27003 Lugo

## A identidade



Aínda que o concepto de identidade desenvólvese có *Tratado do entendemento humano* de J. Locke (1689), no eido psicolóxico foi popularizado por Erik H. Erikson nos anos cincuenta do pasado século XX, a pesares de que o seu libro máis coñecido “*Identidade, xuventude e crise*”, non se publicou ata o ano 1968. Para este autor, a identidade constrúese en relación cós outros, tanto no seu aspecto de realidade como imaxinario, polo que nunca chega a ser un acto rematado. Considerar a identidade como algo monolítico, como a consideran algún autores actuais, é un erro de concepto sobre o desenvolvemento do ser humano. É certo que os humanos tendemos a una coherencia dos nosos actos, que van explicar, o que poderíamos denominar *rasgos de identidade*. Estes rasgos fan parte do proceso de recoñecemento e valoración da propia individualidade. Son ademais rasgos que o entorno outórganos coma unha identidade, que habitualmente adoitamos aceptar. Ante a pretensión imposible de ser idéntico en todo momento, poden xurdir síntomas como a estrañeza, a desrealización, a despersonalización ou o desdoblamento da personalidade.

Esta VI Xornada dedicámola ao tema da identidade, agora mesmo candente e de actualidade, non só na súa versión clínica e clasificatoria, que é a que nos compete como clínicos, senón tamén, na súa versión intersubxectiva e filosófica, coa fin de manter a interdisciplinabilidade que é o núcleo xerminal có que se crearon estas Xornadas de Psicopatoloxía e Cultura.

### PROGRAMA

09:00h	Presentación das Xornadas	12:00h	Descanso café
09:20h	Proxección película: “ <i>Las 3 caras de Eva</i> ” Nunnally Johson (1957) 91’	12:30h	“ <b>IDENTIDAD, YO, PERSONALIDAD: LA FALACIA DE SUS TRASTORNOS. Una relectura clínica</b> ” Federico Menéndez Osorio (Psiquiatra)
11:00h	“ <b>Recorrido histórico del concepto de identidad en psicopatología y trastornos consiguientes</b> ” María E. Vaamonde Seoane (MIR HULA) José Luis Galán Minero, (PIR, HULA)	13:15h	“ <b>Foucault: la obligación a la identidad. Verdad y sujeto</b> ” Jorge Álvarez Yáguez (Catedrático e doutor en Filosofía)
		14:00h	Coloquio. Peche das Xornadas

INSCRICIÓNS: [secretaria@agsm-aen.org](mailto:secretaria@agsm-aen.org)

Data límite: 18/04/2022

#### ORGANIZA

COMISIÓN DE DOCENCIA DA UNIDADE DOCENTE DE  
PSIQUIATRÍA E PSICOLOXÍA CLÍNICA DO H.U.L.A.  
COORDINA: ELENA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ (Psiquiatra  
HULA). LUIS VILA PILLADO (Xefe de Servizo Psiquiatría  
HULA).



ASOCIACIÓN  
GALEGA  
DE SAÚDE  
MENTAL



SERVIZO  
GALEGO  
DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DE LUGO,  
A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS